



## VECIÑANZA ESÍXELLE AO CONSELLEIRO DE SANIDADE A REPOSICIÓN DO SERVIZO DE PEDIATRÍA EN CUNTIS

- Os tres grupos municipais da Corporación mantiveron este xoves unha reunión telemática co Conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña. O encontro foi solicitado pola Xunta de Portavoces e o motivo era trasladarlle ao máximo responsable da Sanidade pública de Galicia a precaria situación da atención primaria en Cuntis e, máis concretamente, a preocupación pola suspensión do servizo de pediatría no centro de saúde cuntese.
- O voceiro de Veciñanza, Santi Martínez, trasladoulle ao conselleiro que as deficiencias na atención primaria en Cuntis veñen sendo unha constante dende fai anos. Ademais, propúxolle incentivar os destinos que puidesen resultar de máis difícil cobertura, como por exemplo é a nosa vila
- Veciñanza apoia a manifestación convocada por SOS Sanidade Pública este domingo (día 14, ás 12h) en Compostela. Asistirá unha nutrida representación e fai un chamamento aos veciños e veciñas de Cuntis a acudir tamén

*Cuntis, 12 de novembro de 2021*

O xoves día 11 os/as voceiros/as dos grupos municipais da Corporación mantiveron unha reunión telemática co Conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, e co Xerente da Área Sanitaria de Pontevedra – O Salnés, José Ramón Gómez. O encontro foi solicitado pola Xunta de Portavoces e o motivo **era trasladarlle ao máximo responsable da Sanidade pública de Galicia a precaria situación da atención primaria en Cuntis e, máis concretamente, a preocupación pola suspensión do servizo de pediatría no centro de saúde cuntese.**

O voceiro de Veciñanza, **Santi Martínez, expúxolle ao conselleiro as deficiencias na atención primaria en Cuntis, que veñen sendo unha constante dende fai anos: escaseza de persoal, baixas que non se substitúen, lista de agarda demasiado elevada, deficiencias**





no edificio, humidades, etc. **E sobre todo, a situación do servizo de pediatría** que este ano, pasados os meses de verán, segue sen repoñerse en Cuntis obrigando ás nais e pais dos cativos a desprazárense a Caldas de Reis. Supón isto o **incumprimento da palabra dada polo Xerente da Área Sanitaria, que afirmara que, como era habitual, despois do verán o servizo de pediatría volvería prestarse en Cuntis**. Tal e como vén sostendo Veciñanza, a poboación de Cuntis padece un maltrato por parte do SERGAS totalmente impresentable. Cómpre lembrar que malia ser aprobado fai máis dun ano a cesión da titularidade do Centro de Saúde á Xunta, esta segue sen asumilo.

Dende **Veciñanza explicóuselle ao Conselleiro que sería inaceptable a supresión desta praza na nosa vila e Santi Martínez esixiulle a reposición do servizo en Cuntis**. Para iso, e ante a escaseza de profesionais que argumenta o SERGAS, **propúxolle incentivar os destinos que puidesen resultar de máis difícil cobertura, como por exemplo é a nosa vila:** con usuarios/as que teñen o seu hospital de referencia a máis de 40 minutos, cunha poboación envellecida e cunha media de idade máis alta que a da media da área sanitaria.

O deterioro da Atención Primaria é unha constante que se repite por todo o País, pero as consecuencias poden ser de maior gravidade segundo as localizacións. Neste sentido, Santi Martínez incidíu na importancia de garantir unha atención sanitaria digna, e máis concretamente agora o servizo de pediatría, en Cuntis. O contrario suporía **un golpe máis na decadencia demográfica que atravesamos a nosa vila e unha dificultade para a fixación de poboación no rural**. O voceiro de Veciñanza aludiu ás políticas de reequilibrio territorial das que presume a Xunta de Galicia para explicar a necesidade dunha atención sanitaria de calidade no rural.

Contra este deterioro constante que a prestación sanitaria experimenta na Atención Primaria, **Veciñanza apoia a manifestación convocada por SOS Sanidade Pública este domingo (día 14, ás 12h) en Compostela**. Asistirá unha nutrida representación e fai un **chamamento aos veciños e veciñas de Cuntis a acudir tamén**. Fronte aos recortes e ao deterioro, a mobilización en defensa dos servizos públicos é unha necesidade.

